



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asunto: Tramitación e aprobación da Conta Xeral 2024.

Expediente TEDEC: 2025/T017/000001

INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

No cumprimento da Providencia da Alcaldía que consta no expediente electrónico 2025/T017/000001, na que se solicitou desta Secretaría-Intervención a formación e a emisión de informe en relación coa aprobación da Conta Xeral do exercicio económico de 2024 e de conformidade co previsto no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia coa regra 47 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, a Secretaría-Interventora que subscribe procedeu a formar a Conta Xeral do exercicio económico 2024, respecto da cal se emite o presente

I N F O R M E

PRIMEIRO.- Lexislación Aplicable

... que xustifica a emisión deste Informe:

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)

... aplicable ao expediente administrativo:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo 1 do título sexto da LRFL.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución de Contabilidade Local, modelo normal.
- Orde HAP/1489/2013, do 18 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público.
- Resolución de 28.07.2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se recomenda un formato normalizado da Conta Xeral das EELL en soporte informático que facilite a súa rendición.
- Resolución de 30.03.2007 da Presidencia do Tribunal de Contas pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29.03.2007 que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das EELL en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición das contas.
- Resolución do 28.07.2011, da IGAE, pola que se regulan os criterios para a elaboración da información sobre os custos de actividades e indicadores de xestión que se deben incluír na memoria das contas anuais do PXCP.
- Resolución do 30.03.2007 do Tribunal de Contas pola que se fai público o acordo sobre creación do rexistro telemático do Tribunal de Contas.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das EELL, modificado parcialmente pola Orde 419/2014.
- Resolución do 10.07.2015 do Tribunal de Contas pola que se publica o acordo polo que se aproba a instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e



resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa.

- Resolución do 02.12.2015 do Tribunal de Contas pola que se publica o acordo polo que se aproba a instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das entidades locais e o formato da dita conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015.

SEGUNDO.- Definición

A Conta Xeral (CX) constitúe o que na terminoloxía mercantil coñécese como “contas anuais”.

Entre outras definicións, pode entenderse a Conta Xeral como aquel conxunto de estados contables, documentos informativos de carácter básico obtidos a través da contabilidade para reflectir a situación económico-financeira e patrimonial, os resultados económico-patrimoniais e a execución e liquidación dos orzamentos, poñéndose de manifesto a través de distintas magnitudes, de modo que a Conta Xeral, ademais de prepararse con destino ao propio ente local, tamén vai destinada a producir efectos externos.

É a concreción do proceso de rendición de contas, cuxa finalidade é manifestar a situación económico-patrimonial e dos resultados da xestión económica do suxeito contable. No ámbito das entidades públicas sometidas a orzamento limitativo (como é o caso do Concello de Lousame) ademais, pon de manifesto o seguimento da execución do orzamento, nun momento determinado e durante un período de tempo concreto.

A CX non se limita a ser o instrumento que teñen as EELL para cumprir esa obriga forma de render contas, senón que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite ao Concello e aos administrados coñecer que se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos. É, en definitiva, un mecanismo de control.

Pode entenderse que a rendición de contas constitúe a principal garantía de transparencia na xestión económica dos entes públicos aos que afecta. Consecuencia disto é o réxime de contabilidade pública, ao que están sometidas as entidades integrantes do sector público, que as obriga a formar cada ano ao peche do exercicio orzamentario os estados contables para a súa censura pública.

TERCEIRO.- Documentos que a integran

A CX dunha entidade local estará integrada pola conta da propia entidade, a dos seus organismos autónomos, e as contas das sociedades mercantís de capital integramente propiedade da mesma.

No caso do Concello de Lousame, está constituída unicamente pola conta da propia entidade.

A CX, á súa vez, está integrada pola documentación esixida pola normativa vixente, segundo o detalle e contido que se sinala a continuación:

- ~ O Balance
- ~ Conta de resultado económico-patrimonial
- ~ Estado de cambios do patrimonio neto
- ~ Estado de fluxos de efectivo



- ~ Estado de Liquidación do Orzamento
 - ~ Resultado Orzamentario
 - ~ Remanente Líquido de Tesourería
 - ~ Memoria
-
- **Balance de Situación:** expresará a composición e situación do Patrimonio á data de peche do exercicio, antes da aplicación de resultados. O Balance conterá, coa debida separación, os bens e dereitos, así como os posibles gastos diferidos, que constitúen o activo da Entidade e as obrigas e os fondos propios que forman o pasivo da mesma. Distingue entre activos e pasivos correntes e non correntes, as partidas de activo figuran polo importe neto, minoradas polas amortizacións acumuladas e os deterioros de valor e o patrimonio neto figura cunha nova estrutura: patrimonio, patrimonio xerado, axustes por cambios de valor e subvencións recibidas pendentes de imputación a resultados. Desaparecen as contas de patrimonio en adscripción, en cesión e entregado ó uso xeneral e os dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro, e os gastos a distribuír en varios exercicios, que pasan a formar parte do pasivo a medida que se vaian devindicando. Como novidade tamén aparecen os epígrafes de inversións inmobiliarias, os activos en estado de venda e a segregación entre debedores e acredores orzamentarios segundo os novos criterios de elaboración do balance.
 - **Conta de Resultado Económico-Patrimonial:** expresará os resultados do exercicio dende o punto de vista económico-patrimonial. A Conta de resultado económico-patrimonial, comprenderá, coa debida separación, os ingresos e beneficios do exercicio, os gastos e perdas do mesmo e, por diferenza, o resultado, aforro ou desaforro. Aparece presentada en forma de lista.
 - **Estado de Cambios no patrimonio neto:** informa da contía e composición do patrimonio neto da entidade e das causas ou motivos da súa variación. Está dividido en:
 - a) Estado total de cambios no patrimonio neto. Informa de todos os cambios orixinados no patrimonio neto derivados de axustes por cambios en criterios contables e correccións de erros, de ingresos e gastos recoñecidos no exercicio e de operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias
 - b) Estado de ingresos e gastos recoñecidos. Recolle ademais do resultado económico patrimonial da entidade, os ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto e os trasposos á conta de resultados económico patrimonial ou ao valor inicial da partida cuberta.
 - c) Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias, detalla as operacións feitas coa entidade ou entidades propietarias da entidade, distinguindo as operacións patrimoniais doutras operacións.
 - **Estado de Fluxos de efectivo:** informa sobre a orixe e destino dos movementos existentes nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta sufrida polas mesmas no exercicio.
 - **Estado de Liquidación do Orzamento:** Estrutúrase nas partes seguintes:
 - A liquidación do Orzamento de gastos.
 - A liquidación do Orzamento de ingresos.
 - Resultado Orzamentario.
 - **Memoria:** A Memoria completa, amplía e comenta a información contida no Balance, na Conta de resultado económico- patrimonial e no Estado de liquidación do orzamento. Engade información sobre normas de recoñecemento e valoración aplicadas e outra información adicional que se considere relevante, a título de exemplo: se reforzan os indicadores relativos



á situación económica financeira da entidade. En relación co período medio de pago a acredores comerciais é o mesmo que se calcula a efectos do control da morosidade nas operacións comerciais pero referido o todo o exercicio e ás operacións no seu conxunto

No expediente analizado, consta esta documentación.

Ás contas anuais deberá unirse a seguinte documentación:

- ~ Acta de arqueo das existencias en caixa referidas a fin de exercicio.
- ~ Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- ~ No caso de discrepancia entre os saldos contables e bancarios, estado de conciliación.

No expediente analizado, consta esta documentación.

En definitiva, os Estados e Contas Anuais e os seus Anexos deben comprender tódalas operacións orzamentarias, independentes e auxiliares, patrimoniais e de Tesouraría, levadas a cabo no exercicio.

CUARTO.- Procedemento de aprobación

Rendición dos estados e Contas Anuais.

Os estados e Contas anuais da Corporación deben renderse pola Alcaldía antes do 15 de Maio do exercicio seguinte ao que correspondan.

De acordo coa regra 50.2 da ICAL: *“os cuentadantes son responsables da información contable, é dicir, de subministrar información veraz e de que as contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial e da execución do orzamento da entidade contable. (...) 3. A responsabilidade na que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade en que incorran quen adoptaron as resolucións ou realizaron os actos reflectidos en ditas contas.”*

Formación da Conta Xeral.

A Intervención municipal, á vista da rendición dos diversos Estados e Contas Anuais, formará a Conta Xeral da Entidade Local, antes do día 1 de Xuño do exercicio seguinte ao que corresponda (01/06/2025).

A Conta Xeral fórmase, polo tanto, dentro do prazo establecido no TRLRFL.

Aprobación da Conta Xeral.

Unha vez formada pola Intervención, segundo os artigos 21.1.f) da LRBRL e 212.1 do TRLRFL, corresponde ao Presidente da entidade local render as contas, polo que o Presidente someterá a



Conta Xeral, xunto co todos os seus xustificantes e anexos, a informe da Comisión Especial de Contas, **sempre antes do 1 de xuño**.

A CX será sometida a ditame da Comisión Especial de Contas dentro do prazo establecido.

A CX co informe da Comisión Especial de Contas será exposta ao público polo prazo de 15 días (hábeles), durante os cales, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos u observacións. Examinadas estas pola Comisión Especial de Contas e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e de todas as reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral será sometida ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida **ser aprobada antes do día 1 de outubro**.

O acordo de aprobación adoptarase **por maioría simple** dos membros presentes.

A CX debidamente aprobada será rendida pola Presidencia ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, para a súa fiscalización subseguinte, **antes do 15 de outubro**, a través da plataforma www.rendiciondecuentas.es

O incumprimento desta obrigaón por parte do Concello será constitutiva de infracción moi grave segundo o artigo 28 p) da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Por último sinalar que a aprobación da CX é un acto esencial para a fiscalización da mesma polos órganos externos (Tribunal de Contas e Consello de Contas) que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas.

– Fiscalización externa da CX.

É función propia do Consello de Contas de Galicia, co alcance e condicións que establece a súa normativa, sen prexuízo das funcións do Tribunal de Contas.

Unha vez fiscalizadas as Contas polo Consello de Contas, debe someterse, no seu caso, a consideración da Entidade Local a proposta de corrección das anomalías observadas e o exercicio das accións procedentes.

QUINTO.- Procedemento para render a conta

Respecto ao formato e rendición da Conta Xeral esta será presentada cos formatos “pdf” e “xml” de acordo co seguinte:

- Ficheiros en formato “pdf” coa información da CX segundo a estrutura dos modelos de Contas anuais establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local.
- Ficheiros en formato “pdf” comprensivos da documentación complementaria a acompañar á CX que se detalla a continuación:
 - o Acta de arqueo das existencias en caixa na Mancomunidade a fin de exercicio.
 - o Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da Mancomunidade a fin de exercicio.
 - o Estados de conciliación no caso de discrepancia entre os saldos contables e bancarios



- Ficheiro en formato “xml” por cada entidade contable que terá a información numérica das contas da entidade local.

O contido e estrutura de cada ficheiro “xml” deberá cumprir as especificacións técnicas (esquemas XSD) publicadas no portal da administracións orzamentaria en internet (www.igae.pap.meh.es) así como as normas sobre integridade dos ficheiros “xml”.

SEXTO.- Outra información

O artigo 218 TRLFL establece o seguinte:

“1. O órgano interventor elevará un informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O dito informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.
O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.
O presidente da corporación poderá presentar no Pleno un informe xustificativo da súa actuación.
2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o presidente da entidade local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.”

Esta obriga será cumprimentada na sesión plenaria ordinaria do 30/05/2025 na que se dará conta do informe da intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por outra banda, con ocasión da rendición da Conta Xeral, é preciso informar aos órganos de control externo dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos aprobados durante o exercicio.

No exercicio 2024, aprobáronse os seguintes:

REC	Expediente	Importe	Resolución/Acordo
1/2024	2024/G003/000124	2.759,67	Decreto 128 do 05/03/2024
2/2024	2024/G003/000310	93.334,47	Decreto 294 do 09/05/2024
3/2024	2024/G003/000176	2.061,42	Decreto 207 do 05/04/2024
4/2024	2024/G003/000184	73,32	Decreto 214 do 09/04/2024
5/2024	2024/G003/000185	1.500,00	Decreto 280 do 06/05/2024
6/2024	2024/G003/000380	802,00	Decreto 345 do 30/05/2024
7/2024	2024/X998/000044	1.609,44	Acordo plenario do 31/05/2024
8/2024	2024/X998/000045	4.223,04	Acordo plenario do 31/05/2024
		106.363,36	

Conclusión: Unha vez examinada a CX 2024 formada por esta Secretaría-Intervención, emítese informe favorable aos fins e efectos previstos no artigo 212 do TRLRFL.

Lousame, na data da sinatura dixital.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A secretaria-interventora

Paula Ares Otero

*Visto. Achéguese ao expediente
A Alcaldesa*

M^a Teresa Villaverde Pais